

## CALIDADE E SEGURIDADE ALIMENTARIA

*Coordinador/a:* **Jesús Simal Gándara**

*Participantes:* **Eva Pose Juan**  
**Jorge Eduardo Regueiro Tato**  
**Leticia Rey Salgueiro**

### Liñas de actuacións

---

O traballo de innovación docente en rede con outros investigadores/as de universidades españolas e portuguesas. A proposta formularíase a través da Rede IBERPHENOL para afondar nos aspectos científico-técnicos dos compostos fenólicos e as súas propiedades beneficiosas para a saúde no programa INTERREG-POCTEP.

Trátase de desenvolver cursos baseados nun modelo conectivista de formación en liña, reformulando de maneira innovadora principios pedagóxicos e didácticos, insistindo tanto en metodoloxías colaborativas como naquelas baseadas en proxectos, convertendo ao alumno/a no centro do proceso de ensino-aprendizaxe, con sistemas de autoavaliación, especialmente no caso das competencias transversais dun mestrado que dá acceso ao doutoramento. A supervisión será continua e farase de maneira individual e cos grupos de aprendizaxe, tanto polos profesores/as responsables das materias específicas como por parte do titor/a do mestrado asociado ao grupo de aprendizaxe.

### Obxectivos

---

- Desenvolvemento de cursos en rede que empreguen toda a potencialidade de internet (son, texto, vídeo, animación ...) en función das necesidades de formación do alumnado de mestrado, compilando a información xa existente e adaptándoa ás necesidades actuais dos investigadores/as, tendo en conta os dous lados da cadea do coñecemento: a investigación básica e a aplicación industrial.
- Para iso, utilizaranse as ferramentas multimedia descritas e utilizaranse soportes de material multimedia do tipo dos *USB drives*. As innovacións que se perseguen serían:
  - . Integrar coñecementos e experiencias de grupos de innovación docente en distintas universidades e centros de investigación (*Universidade de Porto, Instituto de Ciéncias, Tecnología e Agroambiente de Porto, Universidade de Coimbra, Instituto Politécnico de Bragança, Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro, Universidad de Valladolid, Universidad de Salamanca* e Universidade de Vigo).

- A exposición inicial dos temas realizarase de forma sinxela (así o material será utilizable polo alumnado sen coñecementos previos), aumentándose o nivel nas ampliacións que existirán en cada capítulo.
- Existirá unha sección en forma de vídeo na que os expertos e expertas darán a súa opinión sobre as diferentes temáticas tratadas na materia.
- Existirán ligazóns que permitirán ao alumnado conectarse cos creadores/as do material de innovación docente, para ofrecer opinións, pedir información etc.
- Unha parte da información poñerase en plataformas virtuais de internet, o que permitirá o seu cómodo uso por parte do alumnado das diversas universidades.
- Existirán, sempre que sexa posible, cadros comparativos, táboas ou esquemas que faciliten a comprensión, con gran profusión de datos para o seu uso con fins didácticos.
- En todos os temas existirán uns obxectivos iniciais, un resumo final (en forma de gráficos ou outro sistema para condensar os datos) e unhas cuestións que permitan ao alumnado comprobar o seu nivel de aprendizaxe.

## **Plan de traballo**

---

Como resumo, podemos indicar que mediante ferramentas informáticas de creación interactivas e multimedia realizaranse unha serie de animacións e fotomontaxes que permitirán ao alumnado entender claramente as ideas e conceptos que se pretenden transmitir, cubrindo cada ferramenta unhas necesidades determinadas.

O plan de traballo obedecerá á seguinte orde:

### 1. Realización da parte teórica en forma de texto:

- 1.1. Introducción histórica.
- 1.2. Estado da arte actual.
- 1.3. Conceptos xerais.
- 1.4. Aplicacións conectadas co tema de estudo.
- 1.5. Lexislación vixente, e perspectivas de futuro no ámbito europeo.
- 1.6. Conclusións.

### 2. Ampliacións dos temas tratados no primeiro punto para fomentar a discusión e a xeración de opinión:

- 2.1. Ligazóns informáticas con páxinas web ou portais con información adicional sobre os temas tratados (indexados por seccións e temas).

- 2.2. Outras direccións (organismos oficiais, bibliotecas, empresas, asociacións etc.) onde dirixirse para obter algunha información moi específica (estas direccións estarán indexadas por temas e seccións).
  - 2.3. Relación de obras (en formato papel) sobre temas afíns.
3. Creación de exemplos e aclaracións tratadas mediante ferramentas de animación e fotomontaxe, cos seguintes subapartados:
    - 3.1. Creación das imaxes e retoque de fotos.
    - 3.2. Importación das imaxes a un mesmo formato.
    - 3.3. Creación final da animación.
4. Gravación dos vídeos de interese (opinións de persoas expertas, conclusións etc.)
5. Creación de cuestións e problemas mediante o emprego de hipervínculos:
    - 5.1. Creación de hipervínculos entre o texto, os exemplos xa realizados e os problemas propostos que servirán para enlazar dunha maneira interactiva e simple as seccións de máis difícil concepción.
6. Entrevistas con persoas expertas nas diferentes seccións tratadas:
    - 6.1. Realizaranse entrevistas con persoas expertas das diferentes temáticas tratadas. Estas entrevistas poderán ser filmadas (ou redactadas en texto; de non ser posible).
7. Conclusións finais:
    - 7.1. Conclusións ás cales se chegou ao final da creación do material, deixando un espazo para discusión por parte das persoas usuarias.